

ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONSORCIOS

CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA

Aprobación definitiva orzamento de 2018 e cadro de persoal

Anuncio:

Habéndose elevado automaticamente a definitivo o acordo plenario adoptado en sesión celebrada o día 24 de novembro de 2017, sobre aprobación inicial do Orzamento do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento de A Coruña para o exercicio de 2018 xunto co cadro de persoal (B.O.P. núm.: 230, do 4 de decembro de 2017), en cumprimento do disposto polo art. 169.3 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e demais disposicións concordantes, fanse públicos os seguintes extremos: o resume por capítulos do Orzamento para 2018, o Cadro do Persoal (I) e o réxime de aplicación e recursos (III):

I. RESUME DO ORZAMENTO PARA 2018:

ESTADO DE INGRESOS			ESTADO DE GASTOS		
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS					
I	Impostos Directos	0,00	I	Gastos de Persoal	326.703,64
II	Impostos Indirectos	0,00	II	Gastos en bens correntes e servizos	8.334.899,56
III	Taxas e outros ingresos	2.379.319,52	III	Gastos Financeiros	1.000,00
IV	Transferencias correntes	6.593.599,32	IV	Transferencias correntes	220.415,64
V	Ingresos Patrimoniais	1.100,00			
VI	Venta de inversións reais	0,00	VI	Inversións reais	91.000,00
VII	Transferencias de capital	0,00	VII	Transferencias de capital	0,00
OPERACIÓNS FINANCEIRAS					
VIII	Activos Financeiros	0,00	VIII	Activos Financeiros	0,00
IX	Pasivos Financeiros	0,00	IX	Pasivos Financeiros	0,00
TOTAL ESTADO DE INGRESOS		8.974.018,84	TOTAL ESTADO DE GASTOS		8.974.018,84

II. CADRO DE PERSOAL:

1. Funcionarios de carreira:

DENOMINACIÓN	PRAZAS	GRUPO	NIVEL	ESCALA	SUBESCALA	SITUACIÓN	FORMA DE PROVISIÓN
		SUBGRUPO			CATEGORÍA		
Secretaría - Intervención	1	A	26	Habilitación Estatal	Secretaría - Intervención	Vacante	Concurso ordinario ou unitario
		A1/A2			Terceira		

2. Persoal laboral fixo:

DENOMINACIÓN	PRAZAS	CATEGORÍA	C.C.	OBSERVACIÓNS	SITUACIÓN	FORMA DE PROVISIÓN
Xerente	1	III.1	28	Especial Dedicación	Cuberta	Concurso - oposición libre
Suboficial Coordinador Servizo	1	III.2	22	Xornada 37,5 h/sem. Variable	Cuberta	Concurso - oposición libre
Administrativo - Contable	1	III.4	18	Xornada 37,5 h/sem.	Cuberta	Concurso - oposición libre
Auxiliar administrativo	1	IV.4	14	Xornada 37,5 h/sem.	Cuberta	Concurso - oposición libre

III. ENTRADA EN VIGOR DO ORZAMENTO E RÉXIME DE RECURSOS:

O Orzamento de 2018 desta Entidade, entrará en vigor para a súa aplicación o día 01 de xaneiro de 2018 unha vez producida a presente publicación consonte prevé a estes efectos o art. 169.5 do citado texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e demais disposicións concordantes.

Contra a aprobación definitiva do dito Orzamento e documentos que o mesmo inclúe, poderá interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal e na forma e prazos que establece a estes efectos a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen que dita interposición implique, por si mesma, a suspensión do orzamento definitivamente aprobado ou a súa inexecución, así mesmo, poderán interpoñerse cantos outros recursos ou accións procedan en Dereito.

Carballo, 28 de decembro de 2017.-

O presidente,

Asdo.: Valentín González Formoso

2017/11075